

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS 2022

- A finalidade do premio é incentivar as **ideas de innovación dos profesionais sanitarios** do Sistema Público de Saúde de Galicia, así como as dos **pacientes e as súas asociacións**.
- **Novidade:** Contamos con **dous gañadores para cada unha das modalidades**.
- As solicitudes presentaranse **obligatoriamente a través do formulario da Sede Electrónica** da Xunta de Galicia. O código do procedemento asociado é: **SA304A - Premios de innovación en saúde**.
- O prazo para a presentación de solicitudes **rematará o 16 de setembro do 2022 (prazo ampliado)**.

As candidaturas que sexan galardoadas co premio deberán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na **Plataforma de Innovación Sanitaria** para a seu posible desenvolvemento ou implantación no Servizo Galego de Saúde. O Servizo Galego de Saúde impulsará as ideas galardoadas para a súa implantación no sistema. Tamén poderán continuar no proceso de innovación aprobado pola Administración na **P.I.** para o seu acompañamento as catro

A quen van dirixidos?

Respecto á modalidade de **idea de profesionais: persoal ao servizo do Sistema Público de Saúde de Galicia** que desenvolva unha idea innovadora no sistema sanitario galego. As persoas físicas que presenten unha idea poden representar un equipo (máximo 4 persoas, incluído o representante).

Respecto á modalidade de **idea de pacientes:** poderá presentar a súa idea **calquera persoa física (pacientes, coidadores, etc.), organización ou asociación de pacientes sen ánimo de lucro**. Tamén poderán presentarse varias persoas físicas, organizacións ou asociacións de pacientes representadas por unha delas (máximo 4, incluído o representante).

Os premios consistirán en

Modalidade de idea de profesionais:

- a) Adquisición de material e pequeno equipamento inventariable, subcontratación de servizos de I+D+i ou gastos similares vencellados ás actividades da idea gañadora; e/ou
- b) Asistencia a cursos de formación, a congresos relacionados coa innovación, a un centro innovador de ámbito internacional ou actividades relacionadas.

A dotación económica máxima na modalidade de profesionais é de 6.500 euros para o proxecto gañador e de 3.250 euros para o segundo clasificado.

Modalidade de idea de pacientes:

- a) Adquisición de material e pequeno equipamento inventariable ou subcontratación de servizos de I+D+i vencellado ás actividades da idea gañadora; e/ou
- b) Formación en aspectos relacionados cos fins fundacionais da asociación ou organización sen ánimo de lucro relacionada coa saúde que o gañador desta modalidade seleccione.

A dotación económica máxima na modalidade de pacientes é de 2.000 euros para o proxecto gañador e de 1.000 euros para o

PARTICIPA!

Presenta a túa idea en liña

Bases reguladoras e convocatoria 2022

Sanidade aproba as bases da III Edición dos Premios de Innovación no sistema público de saúde de Galicia

RESOLUCIÓN pola que se acorda a ampliación de prazo para a presentación de solicitudes na III edición dos Premios de innovación en saúde no Sistema público de saúde de Galicia 2022

CONTIDOS RELACIONADOS

II Edición. Premios de Innovación en Saúde 2020

I Edición. Premios de innovación en saúde 2019

segundo clasificado.

Farase entrega dos premios nun acto público **organizado pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde conxuntamente co Nodo de Innovación de A Coruña**, con representación institucional e coa axeitada campaña de difusión entre a sociedade.